



life fluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC- Parga - Ladra - Támoga

ES1120003

Life Fluvial

O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais

Rio Miño - Lugo



Os tramos fluviais da ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003) constitúen un intricado corredor biolóxico que actúa de nexo de unión entre os diversos humidaís do territorio. A diversidade do territorio é elevada, os leitos teñen un alto grao de heteroxeneidade, con grandes meandros divagantes, brazos mortos, illas terrixenas, zonas de rápidos, etc., complexidade á que se une a presenza dun importante conxunto doutros tipos de humidaís integrados nos diferentes tramos fluviais.

O extremo meridional da ZEC está conformado polo tramo fluvial do río Miño situado a menor altitude do espazo, ao seu paso por Lugo. A entidade do corredor é a maior de toda a ZEC, dado que recolle o caudal provinte de toda a bacía. A entidade e caudal do río determina a presenza dun bosque aluvial (NAT 2000 - 91E0*) de gran madurez que alberga una gran variedade específica, complexidade estrutural e funcionalidade





Limpafontes
(*Triturus helveticus*)




O ataque do fungo *Phytophthora* spp., causa una gran mortalidade de individuos de Ameneiro (*Alnus glutinosa*) na bacía alta do Miño, provocando una diminución no estado de conservación del tipo de hábitat prioritario 91E0*. En ocasións, os troncos mortos caen, formando obstáculos para a circulación das augas, supondo incluso un risco para as persoas. A retirada de árbores mortas realizouse con sumo coidado, de acordo ao principio de cautela ambiental, dada a fragilidade e vulnerabilidade destes medios

Levouse a cabo unha acción de eliminación e control de especies exóticas invasoras (*Eucalyptus globulus*, *Populus x canadensis*, *Conyza* spp., *Acacia* spp., *Robinia pseudoacacia*, *Cortaderia selloana*, *Viburnum* sp., etc), que constitúen unha ameaza para o estado de conservación favorable do hábitat 91E0*, realizada de forma selectiva



Platanaria
(*Sparganium erectum*)

A ZEC alberga unha gran diversidade específica de interese para a conservación, contando cun numeroso grupo de flora ligada aos humidaís e ecosistemas higrófilos asociados aos mesmos, entre as que se inclúen poboacións da especie prioritaria *Eryngium viviparum*, así como un importante conxunto de especies de flora e fauna de interese para a conservación




Ranunculo
(*Ranunculus penicillatus*)




Amarelle
(*Narcissus asturiensis*)




Tralas accións de retirada de madeira e especies exóticas, procedeuse cos traballos de restauración do bosque aluvial (91E0*), mediante a repoboación con especies características da cuberta vexetal do bosque aluvial nos ocos creados por mor da retirada de árbores mortas ou de especies exóticas, así como nas calvas que presenta o ecosistema ripario. Empregáronse plantas de freixo (*Fraxinus excelsior*) e salgueiro (*Salix atrocinerea*) de procedencia compatible



Lavanco
(*Anas platyrhynchos*)




Corvo mariño
(*Phalacrocorax carbo*)



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

RESERVA DE BIOSFERA TERRAS DO MIÑO



www.life fluvial.eu
info@life fluvial.eu